

RESOLUCIÓN

ASUNTO: PROVIDENCIA INICIO EXPEDIENTE LICITACIÓN OBRA PROXECTO DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS, MELIDE POS + ADICIONAL 1/2018

EXPEDIENTE:2020/G003/000290

ANTECEDENTES:

Logo de ver o expediente da obra **“PROXECTO DE: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS – MELIDE.”** incluída no plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos concellos) “ POS + ADICIONAL 2018” da Deputación da Coruña no que constan entre outras cousas:

- “PROXECTO DE:MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS –MELIDE.” de data decembro 2017 asinado dixitalmente o 13/12/2017 redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesus Francisco Nieto Pais col nº 599 COIAG, cun presuposto de 214.298,32€ IVE incluído e prazo de execución de 4 meses.

- Informe do arquitecto Jacobo Fernández Malde de data 19/12/2017 no que se di :
-2(..)Autorizacións Previas: A pista ca referencia 1 atopase dentro do ámbito dunha mámoa identificada no lugar de O Coto. A pista ca referencia 2 atópase dentro do ámbito da Igrexa de Xubial. A pista ca referencia 6 atópase dentro do ámbito da Igrexa de San Pedro de Folladela. A pista ca referencia 7 atópase dentro do ámbito do Castro de Campos e da Igrexa de Sta María de Folladela. As obras limpeza e apertura de cunetas e reposición de asfaltado, incluíndo pequenas obras de consolidación e drenaxe; segundo a lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e as NN.SS. do Concello de Melide son obras autorizables. É necesario proceder á solicitude de informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultura.(..)”

- Informe de intervención 347M/2017 de data 14/12/2017:“(..) - - Breve descrición do gasto a realizar e da súa natureza. As obras recollen a apertura e limpeza de cunetas, realización de drenaxes e execución de salva cunetas mediante tubos prefabricados de formigón, así como outras obras de mantemento e consolidación destas vías. Segundo o tipo de vía execútase unha nova capa de mestura bituminosa quente ou rebacheo e aplicación de rego asfáltico.

- Vida útil estimada

Sendo obras de renovación de pavimentos e de instalacións urbanas estímase unha vida superior aos 10 anos

- Previsión de ingresos

Unha vez rematadas as obras propostas e proxectadas, e postas en servizo, non se prevé a obtención de ingresos polo seu uso

- Previsión de gastos

Non é previsible que, cun horizonte de 10 anos vista, se xeren gastos non derivados do mantemento ordinario, entendendo ademais que ditos gastos non sexan superiores aos que supón o mantemento das vías da inversión inicial.

- *Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores*

exp. 2020/G003/000290

Non é previsible que, cun horizonte de 10 anos vista, se xeren gastos non derivados do mantemento ordinario, entendendo ademais que ditos gastos non sexan superiores aos que supón o mantemento das vías da inversión inicial.” (...)”

- Envío á Dirección Xeral de Patrimonio Cultura con data 14/12/2017 e número de rexistro 2672
- Acordo do Pleno do Concello de Melide de data 19 de decembro de 2017 sobre aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único dos concellos) “ POS +2018” no que se inclúe este proxecto dentro do plan complementario
- Requirimento de subsanación de erros no proxecto, requirimento realizado pola Deputación da Coruña de data 2/02/2018

· Novo proxecto denominado **“PROXECTO DE:MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS –MELIDE.”** de data decembro 2017 asinado dixitalmente o 07/02/2018 redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesus Francisco Nieto Pais col nº 599 COIAG, cun presuposto de 214.298,32€ IVE incluído (prezo sen IVE: 177.106,05€ + IVE: 37.192,27€) e prazo de execución de 4 meses.

· Acordo o Pleno do Concello de Melide de data 20/02/2018 no que se aproba a corrección de erros de dous proxectos incluídos no plan complementario do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concellos) “pos+2018” no que se inclúe este proxecto corrixido

Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 25/04/2018 e rexistro 1238 na que se autorizan as obras de pavimentación da pista na Ponte da Pedra e outras, en varios lugares nas parroquias de Abeancos, Campos, Xubial e Folladela do Concello de Melide, de acordo coas consideracións e co cumprimento das condicións reflectida nos puntos 4.1 e 4.2 dos antecedentes e consideracións técnicas desta resolución.

Informe do arquitecto de asistencia técnica Jacobo Fernández Malde asinado dixitalmente con data 2/05/2018 no que di:

Jacobo Fernández Malde arquitecto Colexiado 2.928 do COAG, por encargo desta Alcaldía, en relación ao Proxecto de mellora da pavimentación na pista a Ponte da Pedra e outros, Melide, A Coruña

Asunto: informe técnico sobre o Proxecto

Datos xerais

Promotor	Concello de Melide
Data	decembro 2017
Proxecto	Proxecto de mellora da pavimentación na pista a Ponte da Pedra e outros, Melide
Emprazamento	Vías municipais en parroquias do termo municipal de Melide
Redactor do proxecto	Jesús Franco Nieto Pais, enxeñeiro agrónomo col 599 COIAG
Prazo de execución	4 meses
Orzamento Execución Material	148.828,61 €
Orzamento Contratación (IVA inc)	214.298,32 €

Antecedentes:

- En decembro de 2017 redáctase o Proxecto de mellora da pavimentación na pista a Ponte da Pedra e outros, Melide
- Ca data do 13 de decembro de 2017, infórmase favorablemente para a súa tramitación por parte da arquitecto do Concello, Jacobo Fernández Malde
- Recibido requirimento por parte da Deputación da Coruña, sobre a documentación a completar segundo informe dos Servizos Técnicos da Deputación, achégase Proxecto cá documentación requirida.
- Ca data do 13 de febreiro de 2018 infórmase favorablemente o Proxecto cá nova documentación requirida.
- Ca data do 25 abril 2018, rex entrada 1238, resolución da D.X. do Patrimonio Cultural autorizando as obras de pavimentación recollidas no proxecto de acordo cas consideracións recollidas na mesma resolución.

Obxecto

exp. 2020/G003/000290

Advertido erro na redacción do informe ca data do 13 febreiro, redáctase novo informe onde se recolle a non necesidade de informe de supervisión técnica e a non necesidade de estudo xeotécnico.

O proxecto recolle a definición e valoración das obras necesarias a realización das melloras de vías existentes, deteriorados polo uso habitual, dentro do que é o normal mantemento das vías de titularidade municipal.

- Pista a Ponte da Pedra, parroquia de Abeancos
- Pista a Xubial, parroquia de Xubial
- Pista de acceso a O Ribeiro, parroquia de San Pedro de Melide
- Pista a Penacova, parroquia de Os Ánxeles
- Acceso á Igrexa de Folladela, parroquia de Folladela
- Acceso a O Casal, parroquia de Campos
- Camiño do Agro do Campolongo
- Pista de O Casal, parroquia de Campos
- Pista de acceso a Marcoraos, parroquia de Folladela

As obras recollen a apertura e limpeza de cunetas, realización de drenaxes e execución de salva cunetas mediante tubos prefabricados de formigón, así como outras obras de mantemento e consolidación destas vías. Segundo o tipo de vía execútase unha nova capa de mestura bituminosa quente ou rebacheo e aplicación de rego asfáltico.

Documentación técnica

O Proxecto conta con:

- Memoria e anexo
- Planos
- Prego de prescricións técnicas
- Presuposto
- Estudio básico de Seguridade e Saúde
- Plan de Obra
- Estudio de xestión de residuos

Conta ca documentación mínima esixida polo Real Decreto 316/2006, Código Técnico da Edificación para consideralo como Proxecto completo. Conta ca documentación mínima esixida polo art. 123 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 texto refundido da Lei de Contratos do Sector público. Inclúe estudo básico de seguridade e saúde segundo obriga o art. 4 do Real Decreto 1627/1997 disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Incorpora o estudo de xestión de residuos da construción segundo a disposición do art. 4 do Real Decreto 105/2008 que regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Sobre o requirimento feito por parte da Deputación de A Coruña:

- Inclúense os custes indirectos dentro das partidas do presuposto, cá mesma porcentaxe
- Inclúese cálculo do muro escollera da pista de Xubial
- Recóllese sección tipo das pistas onde se aplican os regos

Polo que se entende que a documentación solicitada é completa

Respecto do estudo xeotécnico, enténdese que pola natureza das obras recollidas no Proxecto e dado que non se trata dunha edificación, segundo a definición da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE), non precisa deste documento anexo ao Proxecto.

Clasificación urbanística

Segundo as vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, ao solo onde se pretenden realizar as obras correspóndelle a clasificación de SOLO NON URBANIZABLE COMÚN e SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL

Posto que ás referidas Normas non están adaptadas Lei 2/2016 do Solo de Galicia (LSG) é de aplicación a súa disposición transitoria primeira, polo que resulta de aplicación o referido na Lei 2/2016 respecto do solo rústico, e o referido nas NN.SS. respecto do solo de núcleo rural (solo non urbanizable de núcleo rural).

Autorizacións Previas:

Cóntase ca autorización das obras segundo resolución da D.X. do Patrimonio Cultural, debendo cumprir as seguintes condicións contidas na propia resolución:

- Na pista da Ponte Pedra (parroquia de Abeancos) a limpeza das marxes será superficial, sen realizar remocións de terras nin desmontes nos tramos da vía que lindan co contorno de protección dos xacementos arqueolóxicos das Mámoas do Coto (tramos 1 e 2). Actuarase do mesmo xeito ñas obras na pista a Penacoba con respecto ao xacemento arqueolóxico da Mámoa 1 de Penacoba. De apareceren restos arqueolóxicos no transcurso das obras comunicarase decontado á DXPC, que indicará as medidas oportunas.

exp. 2020/G003/000290

□ As obras na pista de acceso ao lugar do Casal (parroquia de Campos) realizaranse baixo control arqueolóxico continuo e a pé de obra para protexer a Pedrafito do Casal, situada mesmo á beira desta vía. Esta actividade enténdese, segundo o artigo 95 da LPCG, como a supervisión por parte de persoal técnico competente (arqueólogo/a) nun proceso de obras que afectan ou poden afectar un espazo de posible interese arqueolóxico, para establecer as medidas oportunas que permitan a conservación ou a documentación, se é o caso, das evidencias ou elementos de interese arqueolóxico que aparezan no transcurso daquelas. Este tipo de actuacións están regulamentadas e requiren a autorización da DXPC, segundo establece o Decreto 199/1997. De apareceren restos arqueolóxicos comunicárase decontado á DXPC, que indicará as medidas oportunas. Estas obras na pista do Casal limitaranse a reparar o pavimento existente no tramo da vía que pasa a carón do devandito megálito, sen anhear nin pavimentar fóra da plataforma actual desta, e a limpeza das marxes será superficial, a man, e evitando tocar a devandita pedrafito e sen realizar remocións de terras nin desmontes nese punto.

□ Preservaranse as rasantes, anchura e trazado das vías que se van reparar e mais e os elementos de carácter natural ou tradicional (muros tradicionais de pedra, valos, sebes, noiros, arboredo frondoso autóctono, fontes, cruceiros...) que haxa ñas marxes destas. Especialmente, na pista de Folladela coidarase de non afectar o cruceiro situado mesmo á beira da pista que se vai reparar, e na pista ao Xubial (parroquia homónima) preservárase o cruceiro de Eirexe.

□ Na pista ao Xubial proxéctase un muro de escollera de contención e con cara vista no sobreecho da vía, de 32 m de largo e 1,85 m de altura, que se situaría na beira acareada ao lindeiro noroeste da parcela da “Casa Grande de Marín”. Non se considera xustificable (non hai noiro nin terras que conter nese punto) nin axeitado para a súa integración na contorna do devandito elemento. Buscárase unha solución cun muro tradicional de pedra que respecte o arboredo frondoso autóctono existente nese lindeiro.

□ As áreas destinadas a amosar material, maquinaria e residuos, así como os vehículos vinculados a estas obras, situaranse fóra do Camiños de Santiago e dos contornos de protección dos elementos de patrimonio cultural.

□ Por outra banda, logo de ter en conta que a Pedrafito do Casal non figura no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galicia, nin no das NSP de Melide e tampouco no do Plan Básico Autonómico, considérase oportuno que se catalogue decontado, dado o seu carácter como elemento arqueolóxico senlleiro no conxunto do megalitismo galego, e, singularmente, no conxunto do patrimonio arqueolóxico da comarca da Terra de Melide. Por tanto, deberá notificarse esta proposta ao Servizo de Planeamento e Inventario deste departamento e instar ao Concello de Melide a catalogala na súa normativa urbanística.

O cambio do muro de escollera a muro tradicional, pode realizarse reducindo as dimensións dos elementos de pedra que configuran dito muro, polo que enténdese que non é necesario realizar modificación na documentación do proxecto.

Dispoñendo da autorización das obras por parte da D.X. do patrimonio Xeral, non é preciso ningunha autorización sectorial máis.

Disponibilidade de terreos

De acordo ao establecido no artigo 126 del Real Decreto 3/2011 de 14 de decembro pola que se aproba o texto refundido de la Lei de Contratos do Sector Público:

-comprobada a realidade xeométrica das obras, estas considéranse viables en canto a súa execución

-as actuacións descritas neste Proxecto desenvólvense nas vías municipais, de titularidade municipal, e os terreos atópanse dispoñibles para a súa normal execución

-co respecto a adecuación ás Ordenanzas e Normas Municipais as obras son executables

As obras atópanse en vías recollidas dentro da cartografía das Normas Subsidiarias como vías públicas, atopándose dispoñibles para ser acometidas.

Informe de Supervisión Técnica

O Proxecto de execución que desenvolva o presente o Proxecto de mellora non precisa de Informe de supervisión técnica, segundo establece o artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, posto que o orzamento non é superior 350.000 € (214.298,32 €), sendo que ás obras que non afectan a estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

Xustificación de unidade funcional

A obra recollida no Proxecto ten carácter de unidade funcional segundo o establecido no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, por ser posible o seu aproveitamento e execución independente.

Xustificación de non ser necesaria licenza municipal

Segundo o artigo artigo 147, actos promovidos polas administracións públicas, da Lei 2/2016 LSG, as obras públicas municipais se entenderán autorizadas polo acordo da aprobación do proxecto, previa acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e de protección de medio rural, así como do planeamento en vigor.

exp. 2020/G003/000290

Previsión de gasto de mantemento e consideración de proxecto financeiramente sostible

Considérase que estas obras son de competencia municipal ao estar dentro das vías de titularidade municipal.

A inversión que se realiza teñen o seu reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no **Anexo I** (códigos da clasificación por programas dos gastos do presuposto das entidades locais e os seus organismos autónomos) da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos da Entidade Local:

1532. Pavimentación de vías públicas.

O gasto enténdese que é imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do presuposto xeral da Corporación Municipal.

As obras recollidas no proxecto estímase cunha vida útil superior aos 5 anos.

Aforros estimados:

Non é previsible que, cun horizonte de 10 anos vista, se xeren gastos non derivados do mantemento ordinario, entendendo ademais que ditos gastos non sexan superiores aos que supón o mantemento das vías da inversión inicial.

Os gastos de mantemento destas estimando 0,5€ por m de vía, tendo a intervención unha superficie de 6.796 m, prodúcese o seguinte aforro estimado ao ano de 3.398,00€

Polo exposto infórmase favorablemente para a continuación da tramitación do expediente.

Melide, a 2 de maio de 2018. O Arquitecto/Jacobo Fernández Malde, col 2.928”

Circular sobre a aprobación da 1º fase do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) adicional 1/2018 do 19/09/2018 no que se inclúe este proxecto sen condicións para a contratación

Solicitud de prórroga de adxudicación ata o 30 de xuño de 2020 de data 14/11/2019

Notificación da resolución nº 43070 do 29/11/2019 da Deputación da Coruña pola que se concede unha prórroga do prazo de adxudicación dos investimentos pendentes de adxudicar incluídos no POS+ADICIONAL 1/2018018 ata o 30 de xuño de 2020

Sendo necesaria a execución destas obras segundo se desprende do expediente enriba sinalado e no propio proxecto:” (..)2. OBJETO DEL PROYECTO. El objeto del presente, PROYECTO DE MEJORA DE LA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA Y OTROS – MELIDE es la definición y valoración de las unidades de obra necesarias para la mejora de estas pistas determinadas, las cuales se encuentran deterioradas debido al paso de maquinaria y vehículos pesados, densidad de tráfico, así como por las condiciones meteorológicas.

3. DESCRIPCIÓN Y LOCALIZACIÓN DE LAS OBRAS.

Se establece en el presente Proyecto, definir las obras necesarias e intervenciones a realizar para el acondicionamiento y mejora de servicios, en la zona rural del Término Municipal de Melide, de los siguientes viales:

PISTA A PONTE DA PEDRA. (...)PISTA A XUBIAL(...)PISTA ACCESO O RIBEIRO(...)RAMAL A PISTA MARTAGONA(...)PISTA A PENACOVA(...)ACCESO A IGLESIA FOLLADELA(...)ACCESO A O CASAL(...) PISTA DE ACCESO A MARCORAOS. (...)”

Esta alcaldía, en exercicio das facultades que ten outorgadas, **RESOLVO:**

Primeiro: Motivar a contratación nos fundamentos que se establecen no expediente referenciado na parte expositiva deste acordo e no que establece o redactor no proxecto: ” (..)2. OBJETO DEL PROYECTO .El objeto del presente, PROYECTO DE MEJORA DE LA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA Y OTROS – MELIDE es la definición y valoración de las unidades de obra necesarias para la mejora de estas pistas determinadas, las cuales se encuentran deterioradas debido al paso de maquinaria y vehículos pesados, densidad de tráfico, así como por las condiciones meteorológicas.

3. DESCRIPCIÓN Y LOCALIZACIÓN DE LAS OBRAS.

Se establece en el presente Proyecto, definir las obras necesarias e intervenciones a realizar para el acondicionamiento y mejora de servicios, en la zona rural del Término Municipal de Melide, de los siguientes viales:

exp. 2020/G003/000290

PISTA A PONTE DA PEDRA. (...)PISTA A XUBIAL(...)PISTA ACCESO O RIBEIRO(...)RAMAL A PISTA MARTAGONA(...)PISTA A PENACOVA(...)ACCESO A IGLESIA FOLLADELA(...)ACCESO A O CASAL(...) PISTA DE ACCESO A MARCORAOS. (...)”

E que se inicie o expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), por razóns da contía e características da seguinte obra:

“PROXECTO DE: MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS –MELIDE.” de data decembro 2017 asinado dixitalmente o 07/02/2018 redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesus Francisco Nieto Pais col nº 599 COIAG, cun presuposto de 214.298,32€ IVE incluído (prezo sen IVE: 177.106,05€ + IVE: 37.192,27€) e prazo de execución de 4 meses.

Segundo: Que por parte dos servizos técnicos se realice informe sobre os datos correspondentes ao “PROXECTO DE:MELLORA DA PAVIMENTACIÓN EN PISTA A PONTE DA PEDRA E OUTROS –MELIDE.” *que se deben incluír no apartado do cadro de características, anexo I: apartado 2 (codificación), 7 (clasificación esixida), 8 (clasificación para efectos de acreditación de solvencia) e anexo V (medios persoais e materiais requiridos para a execución da obra)., así como que se informe sobre a procedencia ou non da división por lotes desta obra.*

Terceiro: que se incorpore ó presente expediente a seguinte documentación:

- 1.- Proxectos técnicos xunto cos informes emitidos polos técnicos municipais
- 2.- Certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención Municipal así como certificado no que se faga constar que o orzamento das obras obxecto de contratación non excede do 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento.
- 3.- Prego-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) das obras comprendidas nos plans provinciais e outras obras provinciais, publicado no BOP nº 101 do 30/05/2018; segundo se establece no punto 2 da circular de aprobación da 1º fase do POS + ADICIONAL 1/2018
- 4.- Acta de replánteo previo das obras
- 5.- Informe de Secretaría
- 6.- Informe de Intervención sobre fiscalización do gasto

Cuarto: Unha vez unidos os anteriores documentos ó expediente, déseme conta para o obxecto de que, previa a oportuna convocatoria, a Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron concedidas por esta Alcaldía mediante resolución nº 433/2019 do 4 de xullo de 2019, corrixido polo decreto nº 445/2019 de data 11 de xullo (BOP Nº 142 do 30 de xullo de 2019), poida acordar, de ser o caso a aprobación do expediente de contratación, e a iniciación do de adxudicación.

Ordeno e asino en Melide, venres 5 de xuño de 2020. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García.